

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométense os expedientes a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o citado acordo.

Monforte de Lemos, 29 de xuño de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 1975

Anuncio

AMPLIACIÓN URXENTE DA LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA DAS VACANTES TEMPORAIS QUE SE POIDAN DAR NO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL - COORDINADOR/A DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Por Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2017 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio NO Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello o aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, a 27 de xuño de 2017, O ALCALDE

R. 1976

PARADELA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria de data 26 de xuño de 2017, iniciouse o expediente de investigación sobre a titularidade, do camiño "Mazo a Rañadoiro" (referencia 9052) de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, mediante a súa exposición polo prazo de quince días hábiles no taboleiro de anuncios da Corporación, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes no prazo dun mes contado dende o día seguinte o do remate da publicación no taboleiro de anuncios da Corporación.

En Paradelas a 27 de xuño de 2017.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz

R. 1968

RIBADEO

Anuncio

PREZO PÚBLICO POR OBRADOIRO DE BAILE ASOCIADO AO RIBADEO INDIANO

Con data 16/05/2017, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo adoptou acordo de fixación de prezo público concreto, en desenvolvemento da